

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MELIDE

*Prezo público*

#### EDICTO

Unha vez acordado pola Xunta de Goberno Local do 6/05/2016 o establecemento do prezo público para a realización da actividade “Comida da Terceira Idade” que terá lugar o 6 de XUÑO de 2016, segundo o seguinte texto:

#### **Primeiro.–Tarifa.**

O prezo público pola participación na actividade de “Comida terceira idade” será de 8 euros por persoa.

**Segundo.**–Esíxese depósito previo para a participación na actividade, que poderá realizarse en calquera das contas municipais abertas nas entidades financeiras, así como na Caixa corporación. A falta de ingreso suporá non poder participar na actividade.

**Terceiro.**–Declárase expresamente a existencia de razóns culturais e de interese público que aconsellan a fixación do prezo público por debaixo do custo da actividade.

**Cuarto.**–O establecemento do prezo público entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no BOP.

**Quinto.**–Para o non previsto neste apartado, estarase ao disposto na Ordenanza Xeral número 28, xeral reguladora do establecemento ou modificación dos prezos públicos do Concello de Melide.

Acórdase a súa publicación para xeral coñecemento.

Melide, 9 de maio de 2016.

A alcaldesa

Dalia García Couso

2016/3756